



MATRICULACIÓN ORDINARIA DE VEHÍCULOS

IMPORTANTE: Antes de presentar en calquera xefatura un trámite, deberá solicitar cita previa

- **Solicitud** en impreso oficial (*impreso disponible en www.dgt.es*).
- **Taxa** por importe de 97,80 €, agás os ciclomotores (27,30 €). (Non se admite o pagamento en metálico).
- **Identificación da persoa interesada:**
 - Persoas físicas: documento oficial que acredite a identidade e o domicilio de titular (DNI, permiso de conducción español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
 - Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e identidade da persoa que asine (*modelo disponible en www.dgt.es*).
 - Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e documento que acredite o concepto polo que actúen.
- **Documentación do vehículo:** tarxeta de ITV electrónica (*NIVE*) ou tarxeta de ITV en formato papel coa dilixencia de venda, ou, no seu defecto, factura ou acta de adjudicación, se procede, de poxa.
- **Impostos:**
 - Xustificante do pagamento ou exención do imposto de circulación do concello no que teña o seu domicilio o solicitante (*orixinal ou fotocopia*).
 - Xustificante do pagamento/exención/non suxeición do imposto de matriculación (modelo 576, 06 ou 05 da Axencia Estatal Tributaria, www.aeat.es), agás no caso de remolques.
- **Ademais dos documentos anteriores:**
 - **Vehículos agrícolas:** documento acreditativo da inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola da comunidade autónoma, salvo acreditación telemática no Rexistro de Vehículos da DXT.
 - **Certificado de autorización de transportes:** se se trata dun autobús ou dun vehículo de transporte de mercadorías cunha MMA superior a 6 toneladas e unha carga que exceda de 3,5 toneladas, salvo acreditación telemática no Rexistro de Vehículos da DXT.
 - **Vehículos novos adquiridos na UE:** xustificar o pagamento do IVE (modelo 309 ou 300 da Axencia Estatal Tributaria) ou acreditar que se está incluído no censo de suxeitos pasivos do IVE e a ficha técnica expedida pola ITV.
 - **Vehículos usados adquiridos na UE:** documentación orixinal do vehículo e, ademais:
 - Se se trata de venda entre particulares, contrato de compravenda acompañada de tradución e imposto de transmisións patrimoniais.
 - Se o vehículo se adquire dun compravenda de país distinto de España, achegarase a factura na que figure o número de IVE.
 - Se o vehículo se adquire dun compravenda español, achegarase a factura e o documento expedido por Facenda xustificativos de estar dado de alta nesa actividade durante o exercicio correspondente.
 - Ficha técnica expedida pola ITV.
 - **Vehículos adquiridos en terceiros países:** documentación orixinal do vehículo e documento único administrativo (DUA) expedido pola Aduana, salvo que na tarxeta de ITV conste a dilixencia de importación do vehículo.

NOTA: *Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (modelo disponible en www.dgt.es).*

En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.